


PLANTA BAIXA



A PEREGRINACIÓN COMO FENÓMENO UNIVERSAL



A peregrinación

Peregrinar define múltiples manifestacións que teñen a súa plasmación no mundo real e no imaxinario. Consiste en emprender un camiño ritual en busca da purificación, a perfección ou a salvación. Peregrino, camiño e santuario son elementos imprescindibles na peregrinación. Esta manifestación distínguese de calquera outra viaxe porque determina unha relación especial entre o terreal e o sacro; entre o individuo e a colectividade e supón a transformación do peregrino ao longo do percorrido.

Case todas as formas de cultura atoparon na peregrinación unha maneira de relacionarse co sacro. As motivacións varían segundo a cultura e a relixión pero, fundamentalmente, responden a unha petición, ao agradecemento por un don recibido, ao desexo de mellorar na escala social e emocional ou de estar máis próximo á divindade. A diversidade e a riqueza das múltiples peregrinacións son un valor patrimonial importantísimo para o coñecemento global do comportamento e a evolución do pensamento do ser humano en relación coas crenzas máis transcendentais que forman parte da súa dimensión espiritual.



Kakemono. Rolo coa peregrinación de Kansai Kannon

Papel, seda e madeira

Kioto (Xapón), S. XX

A peregrinación Saigoku Kannon Junrei desenvólvese na rexión de Kansai, ao oeste de Xapón. O bodhisattva Kannon, que aparece no centro da pintura, é a entidade divina principal que se venera neste camiño marcado de 33 templos e que o peregrino que o percorre vai visitando. Constitúe un documento ritual semellante á “Compostela” do Camiño de Santiago.



Peregrinación como alegoría

O termo “peregrinación” utilízase tamén de forma alegórica para expresar a similitude entre a viaxe a un lugar sacro e a vida humana. Recórrese a unha maneira simbólica de comunicación na que o feito real é soamente aparente. O esforzo físico do camiño para alcanzar a meta é interpretado como metáfora da viaxe espiritual do ser humano, cheo de sacrificios, renuncias e desgustos. O fin é alcanzar o máis alto grao de coñecemento, a renovación espiritual, a gloria, o paraíso ou a salvación eterna, dependendo da crenza de que se trate.

Este concepto alegórico da peregrinación e do camiño está presente na maioría das crenzas. O taoísmo ten como principio o “tao” que se pode definir como “camiño cara á perfección”. O budismo defende a viaxe interior para alcanzar o “nirvana”, e a súa Vía para lograr a liberación denomínase “Camiño das Oito Etapas”. O nome de Xehová significa na tradición xudía “Deus no Camiño”, e no cristianismo a predicación dos apóstolos é vista como unha peregrinación a terras afastadas.



Alegoría Mística. Táboa de Cebes

Escola madrileña

Óleo sobre lenzo

S. XVI

Baseada na obra do filósofo grecolatino Cebes (s. I d.C.) representa a alegoría da vida humana como camiño cara á sabedoría. Un monte, que simboliza a dificultade, encarna as diferentes idades, etapas e estados da vida. Distintas figuras representan o Vicio, a Virtude, a Verdade, a Fortuna, a Paciencia... No cume, un xardín paradisiaco, o Coñecemento, a Sabedoría ou a Divinidade.



Peregrinacións no mundo

Pola súa dispersión xeográfica e cronolóxica, así como pola súa transcendencia e repercusión social e cultural, a peregrinación é un fenómeno antropolóxico de alcance universal.

Hai evidencias de peregrinacións prehistóricas en Mesopotamia, Exipto ou Grecia. No hinduísmo, xa en época védica (antes do século VI a. C.), eran frecuentes as peregrinacións, moitas delas multitudinarias, a ríos e a outros lugares. No budismo existen múltiples centros de peregrinación relacionados con reliquias do propio Buda ou acontecementos da súa vida ou dalgún personaxe importante. O xintoísmo conta con moitos enclaves aos que se peregrina por residir alí os *kami* ou espíritos da natureza. En moitas outras relixións son innumerables os lugares capaces de atraer a masas de peregrinos con motivacións moi distintas. As tres grandes relixións monoteístas contan con importantes centros que reciben miles e miles de peregrinos: Xerusalén, Roma, Santiago, A Meca ou Medina son os máis destacados.

As peregrinacións supoñen, cada vez máis, un recurso turístico xerador de importantes beneficios económicos. As novas tecnoloxías contribuíron á súa expansión e convertéronas en ocasións en verdadeiros fenómenos mediáticos.



Peregrinación cristiá

O cristianismo afunde as súas raíces no xudaísmo. Para os cristiáns Xesús Cristo é o Mesías profetizado no Antigo Testamento. Na súa vida terreal predicaría unha nova doutrina, obraría milagres e rodearíase de discípulos (apóstolos) que difundirían a súa Palabra.

Os lugares relacionados coa vida de Cristo, dos discípulos e dos primeiros mártires, considerados estes como os cimentos da fe cristiá, pronto se converteron en centros de devoción e meta de peregrinación, a imitación do que facían os xudeus. A liberdade de culto e a imposición do cristianismo como relixión oficial do Imperio Romano ao longo do século IV favoreceron a expansión e multiplicación destes lugares. As tumbas de apóstolos e mártires ou as súas reliquias darán lugar a importantes centros de peregrinación na Idade Media.

No século XVI o Humanismo endurecerá as críticas contra a práctica da peregrinación. A venda de indulxencias, a esaxerada veneración das reliquias e outros excesos foron criticados tanto dentro da Igrexa católica (Erasmus de Róterdam) como fóra dela (Martíño Lutero).



A orixe: a peregrinación xudía

Os xudeus peregrinaban a Xerusalén nas principais festas: Pascua (Pésaj), Semanas (Shavout) e Tabernáculos (Sacut). A destrución do templo (70 d. C.) marca un cambio na peregrinación que recupera a nostalxia polo pasado e alenta a esperanza cara ao que está por vir. A obriga de peregrinar do xudaísmo será unha práctica recomendable para os cristiáns.

O sacrificio, a renuncia, a mortificación ou a penitencia formarán parte da idea xudeocristiá da peregrinación en contraposición con certas visións máis festivas que se documentan noutras culturas. A viaxe dos Reis Magos, a Fuxida a Exipto, o Camiño de Emaús ou a dispersión dos apóstolos, considéranse como peregrinacións simbólicas que marcan o comezo da era cristiá.



Camiño de Emaús

Gérard della Vallée

Óleo sobre cobre

Mediados do s. XVII

Representa a viaxe que realizou Xesús despois da súa Resurrección desde Xerusalén a Emaús. Considérase un dos episodios máis notables de Cristo como peregrino —o primeiro sería a fuxida a Exipto—. Curiosamente, nesta pintura viste indumentaria de camiñante e mesmo loce as insignias identificativas de peregrino xacobeo.



As tres grandes peregrinacións

Xerusalén é un lugar sacro para as tres grandes relixións monoteístas. Para os cristiáns é o centro dun amplo territorio (Terra Santa) con moitos lugares de interese relacionados co seu fundador e a orixe do cristianismo. A partir do século IV son moitos os “palmeiros” que peregrinan a estes lugares. **Roma**, coas tumbas de Pedro e Paulo, chamará pronto a atención dos peregrinos. A abundancia de santuarios, a riqueza de reliquias e o ser sé do papado atraerán a moitos “romeiros”. **Santiago de Compostela** será centro de peregrinación tras o descubrimento do corpo de Santiago o Maior no século IX. A importancia da reliquia estenderase pronto por Europa e os peregrinos chegarán en gran número.



Mozo peregrino con insignias de Santiago e Roma

Anónimo italiano

Óleo sobre táboa

S. XVI

As grandes dificultades imperantes segundo avanza a Idade Media para peregrinar a Terra Santa a causa da expansión do Islam, ten como consecuencia que Roma e Santiago se convertan nos principais lugares de peregrinación cristiá, ata o punto de que os emblemas de ambas as dúas, a cuncha e as chaves de san Pedro, se empregan en moitas ocasións conxuntamente.



A PEREGRINACIÓN E O CAMIÑO DE SANTIAGO



Santiago. Historia, tradición e lenda

O descubrimento e identificación dun sepulcro, cuxos restos se atribuíron a Santiago o Maior nos territorios máis occidentais de Europa durante a década do oitocentos vinte, marcan a orixe do culto ao Apóstolo e o nacemento da peregrinación xacobeá. As referencias históricas sobre tales acontecementos e a vida de Santiago estiveron sempre envoltas dunha mestura de tradición e lenda. Aínda que a tradición do enterramento do Apóstolo na *Gallaecia* é anterior ao seu descubrimento por Teodomiro, bispo de Iria, os documentos que relatan tal achado e o traslado do corpo desde Xerusalén son posteriores e non están exentos de certa intencionalidade.

A partir do século VI esténdese a crenza de que os apóstolos estaban enterrados alí onde predicaran e a tradición occidental atribúe a Santiago a evanxelización de *Hispania*. Iso xustifica que antes do descubrimento (*inventio*) circularan escritos que recollen antigas tradicións transmitidas posiblemente pola Igrexa visigoda e sinalasen *Finis Terrae* como o lugar de enterramento de Santiago



Historia. Santiago como discípulo de Xesús

Os Evanxeos canónicos e os Feitos dos Apóstolos proporcionan os escasos datos históricos referidos a Santiago o Maior. Era fillo de Zebedeo e de María Salomé e irmán do apóstolo e evanxelista Xoán. Ambos os dous foron chamados por Xesús mentres pescaban no Mar de Galilea e recibiron do Mestre o sobrenome de Boanerxes (fillos do trono) polo seu carácter impulsivo.

Santiago formaba parte, con Xoán e con Pedro, do grupo dos apóstolos máis próximos a Xesús e sería testemuña privilexiada dos acontecementos máis relevantes da súa vida: resurrección da filla de Xairo, Transfiguración no Monte Tabor, oración no Horto das Oliveiras etc. Os Feitos dos Apóstolos refiren a súa decapitación en Xerusalén por orde de Herodes Agripa entre os anos 42-44 d. C.



Santiago peregrino e Virxe María

Escola española

Alabastro e restos de policromía

Mediados do s. XV

Estas dúas imaxes proceden dun monumento funerario. Santiago aparece representado baixo a súa condición de apóstolo con indumentaria ata os pés, sandalias e o Libro das Escrituras, e de peregrino con bordón, boral e sombreiro coa cuncha. A Virxe cobre a cabeza como símbolo de dor. Santiago é considerado como sobriño da Virxe María e, polo tanto, curmán de Xesús.



Legenda Aurea Sanctorum

Iacobus de Voragine (1230-1296)

Pergameo. Encadernado en pel

Bolonia (Italia), finais do s. XIII – s. XIV

É o texto hagiográfico máis importante da Idade Media sendo traducido e difundido por todo o orbe cristián. Na actualidade segue constituíndo unha obra de referencia. Contén a vida de 182 santos recopilados dos textos bíblicos, tanto canónicos como apócrifos, de escritos de pais e doutores da Igrexa, ademais da tradición.



Tradición. A evanxelización de Hispania

Tradicións orientais atribúen a Santiago a predicación en Xudea e Samaría. As occidentais resérvannlle a evanxelización da *Gallaecia* e demais territorios hispánicos. Despois de moitas dificultades conseguiría sete discípulos denominados “Varóns apostólicos” que seguirían co seu labor ao regreso de Santiago a Xerusalén.

Outras tradicións defenden a cristianización da península por san Paulo que manifestaría a súa vontade de predicar en *Hispania*. Esta tradición mestúrase coa dos “Varóns apostólicos”, pero enviados directamente desde Roma.

Talvez a chegada da nova relixión á península viría, xunto con outros cultos orientais, da man de soldados romanos. Roma é consciente tanto do valor xeoestratéxico do noroeste como dos seus importantísimos recursos auríferos, necesarios para o mantemento de tan vasto imperio.



Torques de Bardaos

Cultura castrexa do noroeste

Ouro fundido

Tordoia (A Coruña), s. IV-I a.C

Os poboadores prerromanos da *Gallaecia* conformaban a denominada Cultura dos Castros do Noroeste. A ourivaría foi unha actividade notable polos importantes recursos auríferos da zona, e o torques un dos adornos persoais máis característicos. Esta inmensa riqueza alentou a Roma a conquistar estes territorios.



Lenda. A translatio

O Breviario dos Apóstolos de finais do século VI atribúe a Santiago a predicación no occidente de *Hispania* e o seu enterramento en A(r)ca *Marmarica*.

A lenda do traslado do corpo de Santiago (*translatio*) desde Jaffa ata Galicia pode resumirse así: os discípulos de Santiago recolleron o seu corpo, embarcárono e trasladárono milagrosamente por mar ata Iria Flavia. Alí, solicitáronlle á Raíña Lupa un lugar para enterralo e esta enviounos ao legado romano en Duio quen ordenou a súa prisión, pero foron liberados por un anxo e fuxiron. Lupa tentou enganalos de novo enviándoos ao Monte Ilicino en busca duns bois para trasladar o corpo. Estes eran bravos touros que se amansaron por mor dun prodixio. Alí mataron tamén a un dragón bautizando o monte como Pico Sacro. Finalmente, Lupa converteuse e ofreceulles un lugar para a súa sepultura nunha fraga chamada *Lebredón*.



Medio diñeiro (óbolo) de Fernando II

Ceca compostelá

Billón acuñado

Adro Vello (O Grove, Pontevedra), 1157-1188

Ademais de tratarse dun exemplar numismático único polo momento, talvez sexa a representación máis antiga da Translación do corpo do Apóstolo. Evidencia a progresiva importancia da cidade e da peregrinación e o desenvolvemento dunha actividade socioeconómica crecente que propicia a existencia dunha ceca propia da autoridade eclesiástica compostelá.



A peregrinación e o Camiño de Santiago



Descubrimiento e identificación do corpo apostólico

As reliquias dos mártires eran os obxectos máis sacros para os cristiáns. Por iso, o descubrimento do corpo enteiro pertencente a un dos discípulos máis próximos a Xesús e primeiro apóstolo en sufrir un martirio, era para as comunidades de crentes do século IX un feito de extraordinaria repercusión.

O descubrimento afectaríalles tamén aos poderes político e relixioso. Para a monarquía ástur, con Afonso II á fronte, supuxo un aliciente no seu desexo de consolidarse entre os outros reinos peninsulares, neutralizou intentos separatistas galaicos e atopou en Santiago un aliado na súa actividade guerreira contra o Islam. Pola súa banda, a igrexa de Iria Flavia, a máis occidental e afastada, tivo, con Teodomiro como bispo, a oportunidade de reclamar para a súa diocese unha orixe apostólica e equipararse aos máis importantes centros da cristiandade.

A aparición do corpo do Apóstolo está dentro da tradición medieval de achados milagrosos de reliquias en lugares onde non había referencia da súa existencia. En moitos casos darán lugar ao nacemento de santuarios que se converterán en lugares de peregrinación.



A *inventio*. Aparece unha nova reliquia

Antes do descubrimento do sepulcro de Santiago circulaban abundantes referencias sobre a súa localización e o seu culto. O Breviario dos Apóstolos citaba, a finais do século VI, a predicación en *Hispania* e situaba a súa tumba en *A(r)ca Marmarica*. Algo similar indicaba, cara ao 650, un texto interpolado de san Isidoro en *De ortu et obitu patrum*. Beda o Venerable recollía cara ao 730 no seu *Martyrologium* referencias sobre o traslado e enterramento “...*contra mare Britanicum*...” (Océano Atlántico). Beato de Liébana no seu *Commentaryum in Apocalypsin*, entre os anos 776 e 786, atribúe *Gallaecia* a Santiago e sitúa no seu mapa o lugar do sepulcro. No himno *O Dei Verbum* dedicado ao rei Mauregato no ano 785, aparece Santiago como “cabeza refulxente e dourada de *Hispania*”.



Teodomiro de Iria e Afonso II

As narracións sobre o descubrimento do sepulcro de Santiago sitúan o achado no reinado de Afonso II (791-842) e o pontificado de Teodomiro, bispo de Iria (819-847). Tamén se relaciona con Carlomagno, emperador de Occidente (800-814) e sinálase o ano 813 como data do achado. Con esta suposición pretendíase dar un recoñecemento internacional ao sepulcro e ao Camiño de Santiago, aínda que historicamente non parece aceptable.



Un mausoleo romano. Para quen?

O sepulcro identificado como a tumba de Santiago é un enterramento monumental (mausoleo) dos séculos I e II d. C. A súa configuración orixinal foi transformada en diversas ocasións, de modo que é difícil

presentar actualmente unha reconstrución verosímil. Este tipo de enterramento transforma a simple tumba nun santuario para honrar a memoria do defunto. Este mausoleo, que evidencia tamén a existencia dun núcleo urbano próximo e dalgún personaxe relevante podería asemellarse ao de Fabara (Zaragoza), do século II. A tradición sostén a cristianización do monumento para acoller os corpos de Santiago e dos seus discípulos Atanasio e Teodoro. Outras hipóteses considéranlo a tumba de Prisciliano, bispo herexe executado en Trier (Alemaña) no século IV.



A peregrinación e o Camiño de Santiago



Os Camiños de Santiago

Adóitase utilizar a denominación “Camiños de Santiago” para indicar a rede de itinerarios que se foron formando co fin de peregrinar á tumba do Apóstolo tanto por terra como por mar desde diversos lugares de Europa e distinguilos do “Camiño Francés”, coñecido como “Camiño de Santiago” por antonomasia.

O desprazamento da fronteira co Islam cara ao sur no século XI proporcionou seguridade aos territorios do norte peninsular e favoreceu a consolidación da ruta xacobeas que nace pola necesidade de integración espiritual e política dos territorios hispanos con Europa. O Camiño Francés gozará do apoio das institucións eclesiásticas, monárquicas e da nobreza e contará cunha primacía sobre as demais rutas xacobeas, xurdidas mesmo antes ca ela.

Os mecanismos legais de protección do patrimonio cultural impoñen trazados e delimitacións rigorosas para evitar a inseguridade xurídica, aínda que non sempre se respectan os criterios históricos. Os principais trazados do Camiño de Santiago recibiron o recoñecemento en 1998 de Primeiro Itinerario Cultural Europeo polo Consello de Europa e están incluídos na lista de Patrimonio da Humanidade.



Santiago protector de orantes

Escola de Bruxas. Círculo dos Claeissens

Óleo sobre táboa

Principios do s. XVII

Dende finais da Idade Media, a cidade de Bruxas adquire un gran desenvolvemento económico coa consecuente proliferación de comerciantes, banqueiros e a clase burguesa. Ademais, é un momento de impulso do catolicismo e a Igrexa de Santiago chegará a ser na cidade unha das máis importantes. Desde o inicio das peregrinacións o culto a Santiago estará moi estendido polo Norte de Europa.



O nacemento do Camiño de Santiago

O Camiño de Santiago é entendido como unha metáfora da senda marcada no firmamento pola Vía Láctea que se dirixe cara ao *Finis Terrae*. Sería a plasmación terreal da ruta celeste. Antigas tradicións ven en Carlomagno o verdadeiro artífice do Camiño. Santiago aparéceselle nun soño e pídelles que libere os territorios ocupados polos “sarracenos” e abra un camiño cara a súa tumba.

Outras teorías esgrimen valores esotéricos, iniciáticos e místicos no nacemento do Camiño de Santiago aproveitando forzas telúricas que marcarían o seu trazado e a súa meta. O verdadeiro Camiño de Santiago é o seguido polos peregrinos cara á tumba do Apóstolo que aproveita en boa medida o viario preexistente.



As rutas na península Ibérica

A medida que os camiños de peregrinación se achegan a Santiago, os distintos itinerarios conflúen. Á cidade chegan sete camiños: Francés, Primitivo, do Norte, Inglés, Portugués, Fisterra-Muxía e Vía da Prata; e unha ruta denominada do Mar de Arousa e Ulla en recordo da *translatio*. A maioría prolóngase fóra de Galicia, e ramifícase en Europa como describe a Guía do Peregrino do século XII.

Xunto ás vías principais e secundarias tradicionais hai outras rutas nas que pesa máis a súa condición de produto turístico. As Asociacións de Amigos do Camiño desenvolveron un papel moi importante na definición e revitalización dos itinerarios xacobeos.



Sagrario

Madeira e restos de policromía
Triacastela (Lugo), mediados do s. XVI

Os montes do Cebreiro son a porta do Camiño Francés en Galicia. Desde aquí ata Compostela sucédese un rosario de vilas emblemáticas: Triacastela, Samos, Sarria, Portomarín... Multiplícanse albergues, hospitais e igrexas e, sobre todo, aumenta a proporción do símbolo por excelencia do Camiño, a cuncha, que simboliza a ruta e decora edificios, pontes, obxectos de culto sagrado e elementos profanos.



Itinerarios europeos

O Códice Calixtino (século XII) describe as catro principais vías europeas: a Tolosa, desde Arlés por Toulouse; Podiense, desde Le-Puy-en-Velay; Lemovicense, desde Vézelay por Limoges; e a Turonense, desde París por Tours. Estas uniríanse, ao pasar os Pireneos, co tramo aragonés ou navarro do Camiño Francés.

Avanzada a Idade Media formáranse dous grandes eixes: o denominado Niederstrasse (Camiño baixo), que uniría Aquisgrán con Bruxelas e París para proseguir cara aos Pireneos, e un segundo, Oberestrassen (Camiño alto), que polo sur de Alemaña, Suíza e o sur de Francia se dirixiría aos Pireneos. As rutas marítimas foron importantes, posto que moitos peregrinos da Europa nórdica, Países Baixos e Illas Británicas facían total ou parcialmente a viaxe a Galicia en barco.



Santiago peregrino

Madeira policromada
Sur de Alemaña. s. XVI-s. XVII

A peculiar identificación de Santiago cos peregrinos faise patente ao longo de todas as rutas europeas. As igrexas dedicadas ao Apóstolo son innumerables por todo o continente e, a través das esculturas que albergan, pódese seguir a indumentaria característica dos peregrinos de cada época, estación e rexión.



Frontal de altar

Taller leridano

Tabla policromada

Santa María de Palau de Rialb (Lleida), último tercio del s. XIII

Tours foi un enclave primordial dos camiños franceses e contaba cun famoso santuario de obrigada parada. O seu patrón, san Martiño, contaba con gran popularidade entre os peregrinos xacobeos e o seu culto estaba moi estendido po toda Europa. Aquí represéntase a súa vida en varias escenas. A máis coñecida é a repartición da súa capa cun pobre.



Urbanismo e infraestruturas

No século XI pónense os cimentos dos itinerarios da peregrinación xacobeas. O Camiño de Santiago é un atractivo para que se asenten artesáns e comerciantes procedentes dos máis variados recunchos de Europa, coñecidos xenericamente como “francos”. Nacen asentamentos de nova planta ou barrios de poboacións xa existentes, que son sinónimo de liberdade e progreso. O Camiño condiciona a organización do territorio e serve a miúdo de eixe para a distribución das edificacións.

As monarquías cristiás, a Igrexa e as ordes militares apoiarán a creación de múltiples infraestruturas (calzadas, pontes, hospitais, centros de acollida, catedrais, igrexas, capelas, mouteiras, milladoiros...), en puntos estratéxicos do Camiño que verá xurdir o románico como primeiro estilo artístico puramente europeo.



Bula do papa Gregorio XIII

Pergameo, chumbo (selo)

Roma (Italia), 13-02-1574

Gregorio XIII concede indulxencia plenaria *in articulo mortis* aos enfermos, peregrinos e membros do Hospital do Rei de Burgos. Este hospital foi o máis grande da ruta xacobeas. Os peregrinos podían permanecer nel ata tres días. Dispoñía de dúas enfermerías e dúas hospedaxes, para homes e mulleres, e nesta época contaba con confesores en todas as linguas.



Aldraba

Obradoiro galego

Ferro forxado e gravado

Hospital de peregrinos de Melide

A Coruña S. XVI-XVII

Esta gran aldraba pertenceu á porta do hospital de peregrinos de Melide (A Coruña), onde confluía o Camiño Primitivo co Francés. A institución fundouse na segunda metade do século XIV sendo remodelado polo conde de Monterrei a principios do XVI. Moitos peregrinos foron atendidos neste lugar estratéxico do camiño cara a Santiago de Compostela.



A peregrinación e o Camiño de Santiago



O peregrino xacobeo

En época romana peregrino designaba a quen camiñaba por terra allea. Na Idade Media considerábase peregrino a “...aquele que vai á casa de Santiago, en Galicia, ou volve dela” (Dante, *Vita Nuova*, capítulo XL), distinguíndose así do “romeiro”, que ía a Roma e do “palmeiro”, a Terra Santa. Con todo, “peregrino” adoita usarse como sinónimo de “romeiro”. Así se recolle nas *Sete Partidas* de Afonso X para referirse a aquelas persoas que se desprazan para visitar santuarios e “...servir a Deus e honrar os santos”.

O peregrino xacobeo é o actor principal da peregrinación a Compostela. O feito de peregrinar propiciou o nacemento do Camiño, as infraestruturas, a normativa de protección dos camiñantes, unha liturxia propia así como un inmenso conxunto de elementos materiais e inmateriais que fixeron singular esta peregrinación. A maioría dos peregrinos de calquera época son persoas anónimas. O franco Bretenaldo pasa por ser, cara ao ano 920, o primeiro peregrino xacobeo estranxeiro coñecido. Godescalco, bispo de Le-Puy, no ano 950, é outro dos máis temperáns.



As motivacións

A peregrinación xacobeana nace dunha convicción relixiosa. Interpretase como un “camiño de perfección” e peregrínase por devoción piadosa (*orationis causa*) ou para pedir unha graza. Para algúns é un “camiño de expiación” para satisfacer un voto. Para outros é un “camiño de purificación” que serve para cumprir unha penitencia, como sucede cos anos de “Gran Perdonanza”, para gañar as indulxencias establecidas.

A partir do século XV é tamén un “camiño de coñecemento”. Peregrinos movidos polas súas ansias humanistas ou os seus valores cabaleirescos, viaxan a Compostela. Hai tamén peregrinacións forzadas ou por imposición dunha pena civil.

Aspectos culturais, ecolóxicos, deportivos, esotéricos, a meditación ou o escapismo cóntanse tamén entre os moitos motivos polos que hoxe se peregrina a Compostela.



Os libros de viaxe

A *Guía do peregrino* (libro V do Códice Calixtino) é un documento excepcional do século XII que ofrece información de interese para peregrinar a Compostela. Moitos outros libros (itinerarios, guías ou crónicas) constitúen unha importante fonte para o estudo da peregrinación xacobeana. *Die Walfart und Strass zu Sant Jacob*, de Herman König von Vach, peregrino de finais do século XV, foi usado por moitos viaxeiros posteriores. Viaggio in Ponente a SanGiacomo di Galitia e Finisterrae recolle as visións de Domenico Laffi que peregrinou tres veces (1666, 1670 e 1673). O francés Guillaume Manier, despois de peregrinar en 1726 escribiu Voyage a St. Jacques de Compostelle. Tamén destaca Viaggio da Napoli a San Giacomo di Galizia do italiano Nicola Albani, con interesantes relatos da súa viaxe a Santiago en 1743 e 1745.





O Camiño de Santiago en España

Ikeda Munehiro

Papel xaponés, acuarela e tinta negra

España-Xapón, 1983-1986

Realizado durante a peregrinación do autor, constitúe unha guía fidedigna e detallada do Camiño de Santiago en todos os seus aspectos: xeográficos, culturais, de hospedaxe, de intendencia, etc. Pola súa envergadura e detallismo podería considerarse unha especie de contrapunto actual á Guía do Peregrino, incluída no Códice Calixtino do século XII.



Códice de indumentaria feminina

Anónimo francés

Pergameo, acuarela e ouro

1530-1550

Códice do século XVI ilustrado con 28 mulleres ataviadas ao estilo da época. O seu autor, un anónimo viaxeiro francés, deixou fiel reflexo da indumentaria tradicional feminina de certas poboacións polas que pasou desde unha localidade francesa ata Santiago de Compostela. É moi posible que tomase apuntes durante a súa viaxe e que, con posterioridade ao mesmo, o rematase con detalle.



Os medios de transporte

Desde a súa orixe, a viaxe a pé converteuse no principal medio de transporte para o peregrino xacobeo. O uso de animais ou de carruaxes era un privilexio. A debilidade do camiñante, indefenso ante a presenza de animais salvaxes, bandoleiros e criminais, combatíase coa organización de grupos de peregrinos. A miúdo viaxaban con comerciantes que transportaban as súas mercadorías en carros ou ao lombo de animais. Os peregrinos ingleses e doutros territorios nórdicos navegaban ata algún porto francés ou peninsular para proseguir o camiño a pé ata Santiago. Actualmente a peregrinación a pé é maioritaria; o uso de animais ten os seus adeptos; e incrementouse a peregrinación en bicicleta. É posible a peregrinación en cadeira de rodas para persoas con discapacidades físicas.



A Orde de Santiago

A Orde de Santiago foi fundada polo rei Fernando II de León en 1170, en Cáceres, núcleo da defensa da fronteira leonesa cos almohades. Nos "freyles" conflúe o ideal ascético dos monxes e o cabaleiresco dos soldados. A "limpeza de sangue" e o sometemento á rixida disciplina da Regra son condicións imprescindibles. As Comendadoras de Santiago representan a versión feminina.

No século XIII era a orde militar máis rica con múltiples posesións na península Ibérica. Unha vez que se terminou a Reconquista en 1492, a Orde perdeu a súa función guerreira na península e trasládase a América.

A pertenza á Orde converteríase nunha distinción nobiliaria e mantén o seu poder fáctico ata a súa abolición no século XIX.



Protección e asistencia do peregrino

A peregrinación xacobeá é unha actividade que se vai dotando dunha normativa para protexer ao peregrino e de institucións para facilitar a súa viaxe. As xurisdicións civil e eclesiástica favoreceron a peregrinación con medidas especiais. A Orde de Santiago prestou un servizo fundamental aos peregrinos xacobeos garantindo a seguridade das rutas de peregrinación.

A asistencia sanitaria foi sempre imprescindible no Camiño. Por iso, desde o século IX fundáronse hospitais. En Compostela o Gran Hospital Real, fundado polos Reis Católicos en 1499, acolleu boa parte da asistencia prestada na cidade aos peregrinos.



Medalla

Ouro e prata. Fundición e filigrana
S. XVII

Portapaz

Obradoiro sevillano
Bronce moldeado e dourado
Segunda metade do s. XVI



A presenza da Orde de Cabalaría de Santiago foi considerable dende a súa creación, tanto no ámbito popular coma no máis distinguido da alta nobreza e a monarquía. O seu emblema, a Cruz de Santiago, converteuse en símbolo de poder e prestixio utilizado na decoración de edificios e todo tipo de obxectos para reforzar a vinculación coa Orde.



A indumentaria

Ao principio as roupas do peregrino son as propias do camiñante. Capa non moi longa, saio, esclavina, sombreiro de aba ancha e calzado resistente, protexían das inclemencias meteorolóxicas e permitían camiñar con comodidade. Criterios territoriais, estacionais e de condición social marcaban as maiores diferenzas, pero despois producírase unha estandarización da vestimenta que favorecía a identificación do peregrino. Así, o bordón (*baculus*) e a esportela, zurrón ou escarcela (*pera*), convertéronse en distintivos do peregrino aos que se unirá a cabaza para levar auga ou viño. Sobre a vestimenta cosíanse insignias distintivas dos santuarios de peregrinación, abundando vieiras e bordonciños xacobeos.

A recente incorporación de indumentaria deportiva, con pezas coloristas e cómodas, revolucionou os esquemas no modo de vestir dos peregrinos.



Recordos da peregrinación

Os peregrinos adoitaban levar como recordo obxectos elaborados na cidade. Os máis característicos eran de acibeche que se vendían na entrada norte da catedral baixo un estrito control da Igrexa compostelá. Vieiras, crucifixos, amuletos, colares, rosarios, esculturas de Santiago, obxectos litúrxicos... eran despachados polos acibecheiros. Non faltaban pezas en prata, aínda que moitas veces con máis valor evocador que económico, e sobre todo medallas coa imaxe de Santiago e as conmemorativas dos Anos Santos en distintos metais.

A elaboración e comercialización de recordos para os peregrinos reportaba importantes beneficios á cidade. Estes obxectos continúan sendo hoxe ofertados en múltiples establecementos e non faltan aqueles que son produto dunha globalización e mercantilización característicos do turismo actual.

PLANTA PRIMEIRA



A peregrinación e o Camiño de Santiago



A literatura e a música da peregrinación

A peregrinación a Santiago é un dos mellores exemplos para ilustrar a importancia que os elementos literarios e musicais teñen en todas as peregrinacións. O Códice Calixtino, do século XII, ademais da descrición dos camiños de Santiago, os milagres do Apóstolo e a peregrinación de Carlomagno, contén exemplos das primeiras polifonías occidentais: músicas de oración e músicas da liturxia de Santiago; tamén hai músicas de oración e festividade relixiosa en catedrais, mosteiros e bibliotecas ao longo do Camiño de Santiago. O arquivo catedralicio compostelán é o principal colector de parte desa inmensa produción literario-musical.

En todos os pobos con tradición cristiá hai cantos que fan referencia á peregrinación a Santiago. A *Grande Chason* ou o *Jakobslied* son exemplos representativos de guías cantadas durante séculos. Os relatos de camiñantes xacobeos mostran infinidade de situacións musicais. Tamén a música culta, o teatro e a literatura están imbuídos pola temática xacobeá: cantigas, villancicos, cantatas, sonatas, oratorios, óperas, comedias, entremeses, traxedias e novelas.



Peregrinación. Símbolos, rituais e documentos

O peregrino porta sobre a vestimenta emblemas (*realia* ou *signa peregrinationis*). A cuncha da vieira será a insignia xacobeá por excelencia. A Veracruz ou as chaves cruzadas serano de Roma e a palma de Xerusalén e Terra Santa. Outros elementos como os bordonciños (cruzados ou non baixo a vieira) ou a cruz de Santiago son símbolos exclusivos xacobeos. Representacións da escarcela, do chapeu, da esclavina, da imaxe de Santiago ou da propia basílica teñen o seu valor como símbolos relacionados coa peregrinación a Compostela.

A peregrinación está chea de rituais desde a saída ata o regreso. O peregrino prepárase antes de abandonar a súa casa. Pode deixar escritas as súas últimas vontades e recibir os atributos do peregrino (bendición de báculos e escarcels). No camiño visita santuarios e con frecuencia realiza rituais ás veces de raizame pagá en ríos e fontes. Mesmo pode portar unha pedra a modo de penitencia que lanza nun “milladoiro”. A culminación da peregrinación pódese acreditar documentalmente. A partir do século XV faise entrega de certificados coñecidos como “compostelas”.



Símbolos da peregrinación xacobeá

A cuncha (Pecten Maximus) é o símbolo máis emblemático da peregrinación xacobeá. Vendíase na entrada norte da catedral baixo estrito control eclesiástico. Colgada ou cosida á indumentaria funcionaba como acreditación da condición de peregrino. Ten un valor curativo e a súa similitude cunha man simboliza as boas obras segundo recolle o sermón Veneranda dies do Códice Calixtino. A fabricación en metal favorecerá o control do monopolio eclesiástico.

A Cruz de Santiago é o distintivo da Orde de Cabalería de Santiago. A súa forma de cruz e espada representa a defensa da fe de Cristo (cruz) e as armas para defendela (espada). É tamén o instrumento de martirio de Santiago; a empuñadura en flor de lis simboliza a honra sen mancha e a cor vermella, o sangue vertido do Apóstolo.



Cuncha de vieira (*Pecten maximus*)

Cuncha natural

Catedral de Santiago de Compostela (A Coruña)

Antes de 1120

Localizada sobre o esqueleto dunha tumba da nave colateral norte, as dúas perforacións que presenta testemuñan o seu uso como insignia dun peregrino que culminou a súa peregrinación a Compostela no século XII. Ao contrario que na actualidade, a insignia da cuncha só se adquiría á chegada á cidade e levábase colgada no camiño de volta.

Como símbolo, a cuncha ten unha longa pervivencia desde a antigüidade grecolatina. Relaciónase coa auga, elemento primordial, é dicir, coa vida. Venus, deusa do Amor e a Fertilidade, nace dunha cuncha. Un milagre de Santiago conta que salva un cabaleiro das augas do mar coa súa armadura recuberta de cunchas que fan que non morra afogado.

A regularización da elaboración e comercio de insignias en forma de cuncha en distintos materiais foi monopolizada por un dos gremios máis antigos da cidade: os *concheiros*, baixo o estrito control da autoridade eclesiástica.



Clave

Pedra calcaria tallada

Ss. XVI-XVII

O carácter emblemático da Cruz de Santiago funcionaba case como unha verdadeira marca de propiedade nos edificios vinculados á Orde de Cabalaría de Santiago e ao culto do Apóstolo.



A peregrinación e o Camiño de Santiago



Iconografía xacobeá. A representación do Apóstolo

A representación do apóstolo Santiago o Maior foi unha das máis diversas da iconografía cristiá. A expansión do seu culto por Europa e, desde o século XVI por América, propiciou que a súa imaxe se adaptase ás diferentes necesidades devocionais e políticas do momento, combinando aspectos da súa condición de apóstolo, de peregrino ou de cabaleiro.

Nas imaxes máis antigas aparece cos atributos comúns aos demais apóstolos: túnica e manto, libro sacro e pés descalzos ou con sandalias. Con frecuencia un filacterio ou rótulo recolle o seu nome ou unha frase alusiva á súa persoa.

Santiago ofrece, a partir do século XII, aspecto de peregrino, tanto por ser enviado por Xesús e emprender unha longa viaxe para evangelizar *Hispania*, como pola súa identificación cos peregrinos que camiñan cara á súa tumba. Representase con bordón (bastón), escarcela (zurrón), cabaza, chapeu, esclavina e vieiras, acompañadas ás veces de bordonciños, que adornan a súa vestimenta.

O terceiro modelo iconográfico é o de cabaleiro. A imaxe de Santiago, como soldado (*miles Christi*) sobre un cabalo apoiando ás tropas cristiás, documéntase por primeira vez a mediados do século XII. A tradición relaciónao con acontecementos anteriores (batalla de Clavijo no 844, conquista de Coimbra en 1064 e outros). Representase sobre un cabalo branco, con espada, escudo e/ou estandarte, con “infieis” aos seus pés ou dirixindo as tropas cristiás.



Santiago apóstolo e mártir

O século XII é o momento adecuado para elaborar e difundir unha imaxe nova do Apóstolo. é unha etapa florecente de obras na basílica, a peregrinación está moi estendida e a Igrexa compostelá conta co apoio do papado.

A imaxe promovida é a que mostra a súa condición de apóstolo de Cristo, coa túnica e o manto, os pés descalzos e o libro. Así aparece en Praterías o “Santiago entre cipreses” (inicios do século XII); no *Liber Sancti Iacobi* (mediados do XII), bendicindo; ou nas esculturas sedentes do parteluz do Pórtico da Gloria (cara a 1188) e da capela maior (cara a 1211), moi transformada esta última con inclusión de elementos de peregrino.



Santiago apóstolo

Escola española

Madeira tallada e policromada

S. XVIII

Este relevo reproduce a escultura do Apóstolo sedente da Capela Maior da Catedral de Santiago realizada cara a 1211 tomando como referencia o Santiago do Pórtico da Gloria. A partir do século XVII modificouse coa adición da esclavina, o bordón e a cabaza, elementos propios da iconografía do peregrino.



Oración no Horto das Oliveiras

(Conxunto de 4 esculturas)

Escola castelá

Madeira tallada e policromada

S. XVI-XVII

Santiago foi un dos apóstolos preferidos de Xesús. Estivo presente, xunto con Pedro e Xoán, nos momentos máis importantes da vida do Mestre. Neste grupo –unha pasaxe da Paixón- móstrase de mediana idade e barbado para diferencialo dos seus compañeiros. Conxuntos escultóricos como estes poderían formar parte de oratorios ou de pasos procesionais.



A Boa Morte. Virxe María Porta Coeli

Escola española

Óleo sobre lenzo

S. XVII

Santiago como intercesor ou “protector” ante a Virxe provén dunha tradición dos primeiros momentos do culto e xa aparece nalgúns milagres do *Códice Calixtino* (século XII). É un intercesor excepcional porque non recibe súplicas sobre males concretos como os outros santos taumaturgos senón para prever a morte ou a condenación eterna protexendo ao moribundo do acoso do demo.



Santiago entre cipreses

Taboleiro de cadeirado de coro

Madeira tallada na súa cor

1490-1505

Este tipo iconográfico remóntase a principios do século XII e parece relacionarse coa reivindicación da apostolicidade da sede compostelá. Santiago entre dúas árbores –denominados cipreses no *Códice Calixtino*- alude á súa presenza no Monte Tabor, xuntamente con Pedro e Xoán. Parece reclamarse así para Santiago o mesmo trato brindado aos outros dous apóstolos.



Santiago peregrino

Produto do culto popular e relacionado co Camiño de Santiago nacería, no século XII, a figura de Santiago con atributos de peregrino. É unha maneira de resaltar a condición máis humana do Apóstolo.

Representábase con bordón e escarcela, ambos os dous con gran valor simbólico. A cabaza para líquidos, o chapeu para o sol e a choiva, e a esclavina como complemento da capa ou do manto constitúen o resto dos elementos da indumentaria. Pero será a vieira, sobre a esclavina, na escarcela ou calquera outro elemento, a que lle outorgue a identificación como peregrino xacobeo. A miúdo persisten atributos da súa condición de apóstolo. A túnica, o manto, o libro ou os pés descalzos adoitan combinarse cos atributos propios do peregrino.



Santiago peregrino

Obradoiro galego

Granito tallado e policromado

Padrón (A Coruña). S. XVI

A representación de Santiago como peregrino é a máis habitual. De feito, é moi frecuente nas igrexas rurais galegas. Nesta escultura de corte tan popular conviven os atributos de apóstolo cos de peregrino, pero destacan estes últimos. Procede ademais do ámbito de Padrón, lugar onde a tradición sitúa a chegada do corpo do Apóstolo.



Santiago peregrino

Juan de Flandes

Óleo sobre táboa

Retablo da Universidade de Salamanca (Salamanca), 1505-1519

Depósito Museo Nacional do Prado

Juan de Flandes naceu a mediados do século XV en Gante ou Bruxas. En España chegou a ser pintor de Corte da raíña Isabel a Católica e artista moi recoñecido nos reinos hispanos. Obra da súa última época, é unha representación de carácter realista que, tratada como se fose un retrato do Santo, potencia a humanidade do personaxe e a súa proximidade ao espectador.



Santiago peregrino

Escola hispano-flamenga

Madeira tallada e policromada

S. XVI

Santiago leva o Libro Sagrado nun tipo de encadernación denominado “talega”, tamén coñecida como “libro do peregrino”, caracterizada pola prolongación da pel formando unha bolsa. Adoitábase colgar do cinto. Os monxes ou peregrinos levaban libros de oracións, as damas breviarios ou libros de horas e os comerciantes libros de contas. As “talegas” foron usuais entre os séculos XIV e XVI.



Santiago cabaleiro

Desde o século X, os monarcas cristiáns fomentan, con carácter político, o padroado de Santiago sobre os reinos hispánicos. A primeira mención explícita a Santiago como cabaleiro intercedendo polas tropas cristiás fronte aos musulmáns, aparece en textos da primeira metade do século XII aínda que se refiren a acontecementos anteriores como a Batalla de Clavijo (844) que serviu para xustificar o Voto de Santiago.

Representábase como xinete, xeralmente con vestimenta militar, sobre un cabalo branco (símbolo de pureza), loitando por liberar a cristiandade do mal. Matamouros, mataturcos, mataindios ou mataespañóis son algunhas das súas versións. O concepto de “guerra xusta” e os santos guerreiros (Xurxo, Demetrio, Menas...), tan propios da Igrexa de Oriente pasan, coas Cruzadas, a Occidente.



Santiago matamouros

Obradoiro compostelán
Prata cicelada e dourada
S. XIX

A Santiago, na súa versión de cabaleiro, atribúeselle a protección e a defensa da fe. A súa imaxe non se restrinxe soamente ao aspecto político ou militar da Orde de Santiago. Neste caso decora unha peza cuxa finalidade era a de servir de regalo institucional por parte da Igrexa compostelá que, por veces, dotaba de beneficios espirituais ao acompañala de indulxencias.



Executoria de Diego de Sanjuan, cabaleiro da Orde de Santiago

Real Audiencia e Corte de Xustiza de Aragón
Pintor: Gregorio Félix
Pergameo manuscrito e miniado 1641

Entre os fins das executorias constaba o de verificar a “limpeza de sangue” do petionario, demostrando que o sangue da súa familia non estaba mesturado coa de infieis. Sancionadas polos reis, estas confirmacións eran necesarias por exemplo para ingresar na Orde de Santiago. Na súa ornamentación adoitaba incluírse a Santiago, como defensor da cristiandade hispánica e da súa monarquía.



Santiago na batalla de Clavijo

Atribuído a Xoán de Borgoña de Toro
Óleo sobre táboa
Mediados do s. XVI

Tras a conquista de Granada, o sentido da imaxe de Santiago matamouros non decae, senón que se reactualiza co devir dos acontecementos históricos. A ameaza turca, o novo inimigo infiel nas fronteiras europeas, provoca unha renovada utilización como abandeirado da defensa da Fe cristiá. Reafírmase así os poderes político e relixioso e o seu padroado en España.



A peregrinación e o Camiño de Santiago



Peregrinos na historia

Pouco despois do descubrimento do sepulcro apostólico xa se documentan os primeiros peregrinos a Compostela. Iníciase así un incesante fluír de xentes de todas as rexións de Europa que continúa na actualidade téndose ampliado a procedencia aos cinco continentes. A gran maioría de peregrinos xacobeos foron xente anónima da que non quedou referencia do seu paso por Santiago, pero de moitos outros se coñecen en cambio datos máis ou menos precisos sobre a súa identidade, viaxe, itinerario seguido, impresións da peregrinación, descrições do Camiño, etc.

O museo emprendeu nestes últimos anos un proxecto de recompilación de información sobre peregrinos a Santiago desde o século IX ata a segunda metade do século XIX. Por primeira vez, unha parte deste proxecto ponse a disposición do público coa intención de proseguir actualizando neste interactivo a información que se teña dispoñible, nun intento de poñer nome ao verdadeiro protagonista da peregrinación xacobeá.



Retrato de Cosme III de Medici

Anónimo florentino

Óleo sobre lenzo

Principios do s. XVIII

Doazón de Alberto Bruschi

Imbuído do espírito renacentista do coñecemento, Cosme III emprende en 1668 unha viaxe por Europa xunto a unha comitiva principesca para observar de preto sistemas de goberno, modelos económicos, xentes, mosteiros, catedrais, etc. Varios cronistas e un debuxante recollen as circunstancias da viaxe. A relixiosidade do Gran Duque lévaos a visitar a cidade de Compostela en 1669.



Santa Isabel de Portugal

Madeira tallada e policromada

S. XVIII

Isabel de Portugal (1269-1336), casada co rei portugués don Dinís, era filla de Pedro III de Aragón. De espírito relixioso e caritativo peregrinou dúas veces a Compostela. A primeira, en 1325, como raíña de Portugal. Dez anos despois como unha peregrina común, a pé e con hábito de clarisa. Coñecida como "Rainha Santa", foi canonizada en 1625.



Santiago no mundo

A amplísima dispersión do culto a Santiago débese a distintos factores. A importancia que adquire o culto aos apóstolos e mártires, tidos polos cristiáns como alicerces que sustentan a fe cristiá, outorgoulle ao descubrimento do corpo de Santiago unha transcendencia especial por ser un dos discípulos máis próximos a Cristo.

Doutra banda, dado o interese que tiveron as peregrinacións a santuarios e o culto ás reliquias na sociedade medieval, a aparición do corpo do Apóstolo nos albores do século IX nos territorios máis afastados de Europa, incentivou a moitos fieis a peregrinar á súa tumba sen importar o seu lugar de residencia e orar ante as reliquias, xurdindo un armazón de vías de comunicación polas que se difundiu o culto a Santiago.

Igualmente a expansión internacional da cultura e da tradición hispanas cos descubrimentos protagonizados principalmente por Castela e Portugal, levará o culto a Santiago aos cinco continentes. Moitos dos asentamentos coloniais fundados foron levantados baixo a protección do apóstolo Santiago.



Santiago en España

A tradición mantén a existencia dun culto moi antigo a Santiago na península. De feito defende a cristianización de *Hispania* polo fillo de Zebedeo. É posible que a Igrexa visigoda reservase un papel destacado ao Apóstolo que pasaría ao reino ástur. Iso explicaría a importancia outorgada a Santiago como “cabeza refulxente e dourada de Hispania”, como recolle o himno *O Dei Verbum* arredor do ano 785.

O descubrimento do sepulcro e a peregrinación deron lugar ao nacemento de igrexas, capelas e establecementos de acollida en honra a Santiago o que, sumado á actividade bélica en contra do Islam, contribuíu á expansión do seu culto por España e Portugal, na que xogou un destacado papel a Orde de Cabalería de Santiago.



Santiago en Europa

A noticia do descubrimento da tumba apostólica e o intento de vinculalo con Carlomagno contribuirían a difundir o culto a Santiago en Europa. Escritos próximos á data do descubrimento (Martiroloxios de Floro e de Adón) darán a coñecer na sociedade europea anterior ao “ano mil” a existencia da tumba e do culto que recibe en Compostela. No século XI, consolídanse as rutas de peregrinación desde Europa.

Nacen institucións de apoio ao peregrino como as confrarías para organizar peregrinacións e atender establecementos de acollida. O caso da *Confrèrie de Saint-Jacques* de París en 1315 é un bo exemplo. Son incontables as evidencias do papel que xogou o culto a Santiago e a peregrinación na configuración de Europa.



Santiago peregrino

Madeira tallada e policromada
Baviera (Alemaña), 1730

A expansión do culto a Santiago arraigou de xeito moi profundo en Europa sobre todo nos territorios correspondentes ás actuais Alemaña e Francia, con moitas igrexas dedicadas a Santiago e unha grande variedade de representacións do Apóstolo, algunhas con variantes locais, como é o caso desta escultura bávara que porta un ravo.



Santiago en América

A figura de Santiago, que se viña utilizando pola monarquía como símbolo de unidade política e relixiosa de España, terá un papel importante na conquista e colonización de América despois do descubrimento en 1492. O ardor que os soldados cristiáns despregaron contra a presenza musulmá, poñerase agora en funcionamento nestes territorios.

Tanto os conquistadores como os evanxelizadores utilizaron a figura de Santiago cabaleiro como aliado na procura dos seus obxectivos. O nome do Apóstolo foi o escollido para denominar numerosas entidades de poboación en toda América. Cóntanse por centos os lugares que conservan ou utilizaron o nome de Santiago, de modo especial en México. Aínda existen moitas manifestacións coloristas para celebrar a festividade de Santiago.



Santiago “mataespañóis”

Obradoiros de Cuzco

Prata cicelada

Perú, segundo terzo do s. XIX

Na área hispanoamericana a figura de Santiago asimilouse a diferentes deidades autóctonas relacionadas coas forzas da natureza, como os lóstregos, os tronos ou as choivas torrenciais. Este sincretismo fai que no século XIX os independentistas tomen a Santiago como defensor dos dereitos indíxenas contra os antigos conquistadores.



Sombreiro e cinto-cabalo para a danza de Santiago de Cuetzalán

Artesanía de Cuetzalán (México)

Palla, espellos, estaño e fibra de vidro

1992

A partir da conquista, a simbiose entre os cultos indíxenas e o catolicismo foi tan profunda que arraigou mesmo nas celebracións festivas. Os bailaríns da danza relixiosa “Santigos” da esta “Apóstolo Santiago Cabaleiro”, tamén chamada “De Conquista”, empregan sombreiros e cintos como estes. Esta festividade difundíuse por toda América arraigando especialmente en México e Centroamérica con variados nomes locais.

PLANTA SEGUNDA



A CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Desenvolvemento urbanístico e económico

O crecemento experimentado por Compostela a partir do ano 1000 converteuna nunha cidade con gran peso relixioso, político, económico e cultural. A súa condición de sé apostólica, ser unha das arquidioceses máis importantes da península, e cabeza dun señorío moi extenso e poboado, contribuíron ao establecemento de institucións relixiosas, políticas, educativas e asistenciais que deixaron a súa pegada no urbanismo.

Desde a Idade Media, Santiago foi a cidade galega máis coñecida internacionalmente e aínda que non foi recoñecida como capital, tivo un papel preeminente, sendo no século XVII, a máis poboada das sete cidades do Antigo Reino de Galicia.

Boa parte da poboación vivía da artesanía, do comercio ou das rendas do capital. O abastecemento de produtos básicos e materias primas procedía, polo xeral, das proximidades, sen renunciar á importación de produtos foráneos (aceites, panos, cerámicas de calidade...). Na Idade Moderna foi un importante centro de comercialización dos seus produtos artesanais e de redistribución de mercadorías procedentes doutras rexións.



Un lugar para o culto. A evolución do santuario

A orixe de Santiago de Compostela está unida a un lugar de culto precristián. Os restos identificados como a tumba do apóstolo Santiago suxiren que se trata dun mausoleo, erixido en época alto imperial romana (séculos I-II d. C.) nunha necrópole da que se coñecen, entre outros restos, varias inscricións funerarias. A atribución da condición de tumba apostólica supoñería o inicio, ou talvez a continuación, de profundas transformacións da súa estrutura e da súa contorna, xurdindo un pequeno núcleo rural coñecido como *Locus Sancti Iacobi*. Un primitivo templo, pronto substituído por outro maior, xunto con outras construcións relixiosas e defensivas, deron, arredor do século X, unha dimensión urbana a este recinto.

A partir do século XI, co auxe das peregrinacións e co apoio da monarquía e do papado, a Igrexa compostelá levaría a cabo un gran proxecto para contar cun santuario acorde coa súa categoría de sé apostólica. O templo románico pasou así a converterse en sé da diocese e transformouse en catedral da "Santa Apostólica e Metropolitana Igrexa de Santiago".



O mausoleo apostólico como xerador da urbe

Os restos conservados do sepulcro foron obxecto de moitas interpretacións. Trataríase dunha construción de planta cadrada posiblemente con dobre altura. A inferior estaba dividida en dúas estancias: unha con restos dun mosaico tardo romano e outra con tumbas de ladrillos en altura. A tradición sitúa na primeira estancia os restos de Santiago e na segunda os dos seus discípulos Atanasio e Teodoro. Tradicionalmente

considerouse que na planta superior se atopaba o primitivo altar para o culto ao Apóstolo. Esta parte alta foi eliminada na remodelación románica da basílica. Independentemente do seu formato, a edícula sería o enterramento máis distinguido na necrópole romana. Documentáronse enterramentos cristiáns do século V, aínda que parece que no século VII se abandonou o lugar.



3 fragmentos de placas

Pórfiro verde pulido

Ámbito do Mausoleo Apostólico

Ss. IV-IX

Entre o material decorativo achado no ámbito do edículo apostólico figuran os fragmentos de placas de pórfiro verde pulido. Suponse que estes fragmentos puidesen proceder dalgún asentamento hispanorromano próximo a Coria (Cáceres) e que serían traídos a Compostela en tempos de Afonso III para decorar paredes ou pavimentos do ámbito da tumba de Santiago.



O santuario

O actual santuario é a consecuencia da transformación da tumba en lugar de devoción a Santiago. Inmediatamente despois do descubrimento realizáronse obras para custodiar as reliquias e organizar o seu culto. No propio século IX os monarcas asturianos (Afonso II e Afonso III) promoveron a construción de senllos santuarios superpostos ao sepulcro e que se coñecen como “primeira e segunda basílica” respectivamente. Cara a finais do século XI o incremento de peregrinos fixo necesario deseñar un novo edificio que substituíse ao anterior e compatibilizase os distintos rituais do culto e da peregrinación. Nese século proxectouse a denominada “terceira basílica”, construída en estilo románico que, con lixeiras modificacións, chegou ata os nosos días.



As basílicas de Afonso II e Afonso III

Cara ao ano 830 Afonso II levantou sobre o sepulcro do Apóstolo un modesto templo do que hai moi pouca información. Tería nave rectangular simple e dispoñería dun baptisterio exento polo norte. Cando Afonso III substituíu esta construción por outra nova xustificouno dicindo que era pequena e de pouca calidade. A nova basílica foi consagrada no ano 899 e levantada ao estilo propio das construcións prerrománicas asturianas. Tiña maiores dimensións, dispoñía dunha cabeceira ampla para albergar varios altares e o sepulcro, tres naves e un pórtico na entrada principal de poñente. Na súa decoración incluíronse elementos tardo romanos e visigodos procedentes de Al-Ándalus. Tras ser arrasada por Almanzor no ano 977 esta basílica foi reconstruída polo bispo Pedro de Mezonzo.



A basílica románica

En 1075 comezaron as obras da cabeceira románica seguindo o modelo de “igreja de peregrinación” que permite compaxinar a celebración do culto sobre o sepulcro e o fluír de peregrinos ocupados noutros rituais. Esta primeira fase concluíu cara a 1088. Durante o mandato de Diego Xelmírez (1093-1140) desenvolveuse a segunda etapa das obras: concluíuse a cabeceira, organizouse a capela maior e o cruceiro coas súas fachadas, e avanzouse no brazo maior. A última fase románica coincidiu coa incorporación do Mestre Mateo en 1168 cando se construíron os tramos finais, o Pórtico da Gloria e se solucionou o problema do desnivel da fachada oeste. En 1211 conságrase a catedral románica.




O proxecto gótico

O arcebispo Xoán Arias (1238-1266) promoveu importantes obras na catedral e dotouna dun claustro acorde co resto do templo e co refinado cerimonial empregado nas celebracións litúrxicas do momento. Contou cun programa decorativo complexo con motivos tomados do Mestre Mateo. Pola súa banda, o proxecto inacabado da cabeceira gótica supoñía dotar á basílica dun amplo espazo cerimonial cara ao lado leste, pero diversos problemas sociais impediron proseguir as obras executándose parcialmente o lado norte, hoxe baixo as escaleiras da Praza da Quintana. Entre finais do século XIV e XV construírse o actual cimborrio e os fundamentos da torre do reloxo, e reforzárse o aspecto defensivo do conxunto catedralicio.



A catedral renacentista e barroca

A construción do actual claustro renacentista en substitución do medieval foi a intervención de maior envergadura do século XVI. Obra de Juan de Álava e Rodrigo Gil de Hontañón, supoñería unha gran modificación do contorno meridional da catedral. No século XVII iniciouse a transformación exterior da basílica ofrecendo o aspecto eminentemente barroco que apreciamos na actualidade. Nela interviñeron arquitectos e mestres de obras como Vega y Verdugo, Juan Peña de Toro, Domingo de Andrade, Fernando de Casas y Novoa, Lucas Ferro Caaveiro, Clemente Fernández Sarela, Domingo Luis Monteagudo, Ventura Rodríguez e outros. Interiormente acometéronse tamén importantes obras con novas capelas (Cristo de Burgos, Pilar...) e remodeláronse outros espazos como a capela Maior co seu baldaquino, etc.



A cidade de Santiago de Compostela



O territorio

Santiago de Compostela érguese nun territorio graduado entre os vales dos ríos Sar e Sarela, no extremo oriental do val da Maía que se abre cara ao Atlántico e no espazo marcado pola gran depresión Meridiana. A topografía facilitou o paso de importantes vías de comunicación desde época antiga ata a actualidade e condicionou a ocupación do territorio desde a Antigüidade. Tradicionalmente Compostela identifícase co primitivo asentamento romano *Asseconia*, unha parada oficial (*mansio*) da Vía XIX que unía Braga con Astorga, aínda que faltan evidencias arqueolóxicas. No século IX existían importantes camiños cara a Iria Flavia, Ourense, Lugo, A Coruña e Fisterra, persistencia na súa maioría de vías de comunicación de época romana.



A cidade medieval

Entre os séculos XI e XIII Santiago experimentou un gran desenvolvemento urbanístico debido ás importantes construcións impulsadas pola Igrexa compostelá. As obras do conxunto catedralicio e do sistema defensivo condicionaron a configuración urbanística da cidade. Levantáronse numerosas igrexas,

conventos, mosteiros e o casarío para albergar unha poboación configurada por un abundante clero e unha burguesía formada principalmente por artesáns e comerciantes.

Arredor do núcleo urbano e seguindo o trazado dos principais camiños, desenvolvéronse distintos barrios cunha actividade agropecuaria para o abastecemento ordinario da cidade. A comercialización dos produtos locais, xunto con outros provenientes de lugares próximos (viño, peixe, etc.), facíase baixo un forme control municipal.



Restos de alimentación de época medieval

Este conxunto de restos orgánicos é unha mínima representación da variedade de produtos consumidos en época medieval en Santiago de Compostela. Teñen especial representatividade os mamíferos como bóvidos (vaca, cabra, ovella), súidos (porco, xabaril) ou cérvidos aínda que tamén hai abundantes coellos e aves. Aparecen ósos con marcas de corte realizadas no momento do despezamento ou da inxestión. Entre as especies mariñas abundan os moluscos (ostras, ameixas e berberechos) e restos de ictiofauna: pescada e congro. Destacan os ósos de cereixa, único resto recuperado da alimentación de tipo vexetal na cidade.

Ósos de animais. Restos de alimentación

Praza das Praterías e castelo da Rocha Forte
S. XI-XV

Fragmento de prato.

Madeira tallada
Rúa da Raíña 11
S. XII - XV

Carabuñas de cereixa. Restos de alimentación

Rúa da Raíña 11
S. XII – XV

Fonte fonda

Madeira tallada
Rúa da Raíña 11
1181 - 1271

Fragmento de cunca

Madera tallada
Praza das Praterías 2
S. XI-XIV

Fondo de xerra

Madera tallada
Praza das Praterías 2
S. XI-XIV

Prato

Madera tallada
Praza das Praterías 2
S. XI-XIV

Espiñas de peixe e cunchas. Restos de alimentación

Praza das Praterías e castelo da Rocha Forte
S. XI – XV

Producción cerámica: para conter líquidos e para cociña



O señorío da cidade

O recoñecemento do achado do corpo do Apóstolo polo poder real supuxo a concesión de territorios a favor do bispo que chegaron a constituír un amplo señorío coñecido como “Terra de Santiago”. O prelado, como señor feudal, exercía sobre os vasallos os seus dereitos militares, fiscais e xudiciais en nome do señor Santiago. Pronto, o rei concederlle o privilexio de cuñar moeda propia.

O castelo da Rocha Forte foi, xunto coa catedral, o principal símbolo do poder terreal do arcebispo. levantado como residencia arcebispal cara a 1250, e convertido en castelo inexpugnable, controlaba as vías de entrada á cidade desde o mar. A fortaleza, testemuña excepcional de importantes acontecementos históricos entre os composteláns e o poder señorial, foi arrasada definitivamente durante a Gran Revolta Irmandiña (1467-1469).



Moedas da ceca compostelá

(Afonso VI, Fernando II e Afonso IX)

Billón acuñado

S. XII-XIII

Afonso VI estende no século XII a cuñaxe de moeda dende Toledo ata outras cidades, entre elas, Santiago. En 1105 concédese ao bispo Xelmírez a autorización para instalar en Santiago unha ceca episcopal. Nesta ceca cuñáronse moedas coa imaxe de Santiago, como unha referencia explícita á condición apostólica da cidade marcando así a súa igualdade con Roma.



Tabla de Alquerque de 9 / Fichas de xogo

Granito tallado / cerámica

Castelo da Rocha Forte

S. XIII - XV

O alquerque foi un xogo moi popular na Idade Media. Introducido en Europa polos árabes, afunde as súas raíces no antigo Exipto. Coñécense tres variedades segundo o número de fichas empregado, así como distintas regras e denominacións (xogo do muíño, danza dos nove homes...). Ante un taboleiro como este, dous xogadores colocan nove fichas cada un que van movendo alternativamente tratando de eliminar as contrarias. Perde o xogo quen queda soamente con dúas fichas.



Florín de Pedro IV de Aragón

Ouro cruñado

Mosteiro de Carboeiro

Silleda (Pontevedra), 1369-1387

O florín foi unha moeda nacida en Florencia en 1252 que se converteu en moeda de ouro de referencia en Europa durante os séculos XIII e XIV, cuñándose noutras cidades do continente. Tería un papel similar ao Euro actual. A aparición destas moedas en Galicia testemuña a procedencia dos peregrinos e o impulso do comercio.



Gremios e confrarías

Co crecemento da cidade e do número de peregrinos xurdiron distintos oficios. Os cambiadores lucrábanse coas transaccións de moeda estranxeira mentres que albergueiros, pousadeiros ou taberneiros proporcionaban manutención e aloxamento aos foráneos. Outros labores artesanais foron desenvolvidos por xastres, zapateiros e cintureiros que elaboraban vestimenta, calzado e complementos como cintos, bolsos e escarcelas. As obras na cidade atraeron traballadores como canteiros, albaneis, carpinteiros e ferreiros. Para defender os seus dereitos e organizar os oficios, moitos agrupábanse en gremios e en confrarías con ordenanzas que regulaban o acceso á profesión e á participación na vida urbana. De entre todos eles, os acibecheiros, prateiros e gravadores adquirirán gran prestixio.



Acibecheiros

O acibeche, orixinado pola fosilización de árbores desaparecidas hai 65 millóns de anos, caracterízase pola singular cor negra, a súa dureza e a súa fragilidade. A materia prima, hoxe escasa, procedía fundamentalmente de Asturias e, desde a antigüidade, atribúenselle virtudes máxicas e curativas.

Os primeiros talleres composteláns asentados na Acibechería, documéntanse no século XIII, vinculados aos concheiros e baixo o control eclesiástico. No século XIV crean un gremio e, no século XVI, uníranse nunha das máis influentes confrarías baixo a protección de San Sebastián. Nas ordenanzas de 1443 regúlase o modo de traballo e a comercialización. Tras un período de decadencia, a produción recupérase no século XX con importantes acibecheiros e unha gran demanda de obxectos suntuosos.



Figas

As figas son amuletos en forma de man pechada (polo xeral a esquerda) co dedo polgar entre o índice e o medio. Era considerado un xesto de menosprezo, pero tamén se constituíu como un amuleto de carácter curativo e protector contra as murmuracións, os maleficios ou o mal de ollo.

Talismáns semellantes en cerámica e vidro xa se empregaron no Antigo Exipto. Os fenicios utilizaron o acibeche e deles pasou ao mundo romano onde os amuletos en forma de man en diversos materiais foron de uso común e así atopáronse en diversos xacementos da Península Ibérica. Na Idade Media esténdese o seu uso polos reinos cristiáns sendo xa moi habitual o seu emprego no século XVI, especialmente como elemento protector dos nenos que as levaban colgadas xunto a outros amuletos de cintos e colares.

As figas decóranse con moitos elementos simbólicos e talismánicos, como corazóns, soles, lúas e estrelas, pero chegan a adoptar unha forma tan esquemática que as fai irrecoñecibles, seguramente por mor da súa prohibición pola Inquisición en 1526. Ata o século XIX non volven adoptar a forma naturalista aínda que o seu uso xa está entón en retroceso.



San Sebastián

Posible obradoiro do sur de Alemaña
Marfil, xaspe e madeira
Finais do s. XVII – principios do s. XVIII

En 1410 créase en Santiago a confraría dos acibecheiros baixo o padroado de san Sebastián, centurión romano martirizado por exhortar aos seus amigos ao cristianismo. Non morreu a pesar das numerosas saetas recibidas e por esa razón foi un dos santos protectores contra a peste na Idade Media. Tamén foi patrón de tapiceiros, arqueiros e chatarreiros.



Prateiros

No século XI documéntanse ourives traballando para a catedral. As primeiras ordenanzas do gremio de prateiros datan de 1431 pero, a confraría, que concedía moitos privilexios ao prateiro, non se crearía ata o século XVI, con san Eloi como patrón. Os talleres situábanse nas proximidades da porta sur da catedral (coñecida hoxe como Praterías), e estaban baixo control eclesiástico. No século XVII comeza un período de esplendor e gran prestixio, que perdura ata a actualidade.

Para garantir a calidade da prata xorden no século XVI as primeiras marcas que cambiarán co tempo (Santiago peregrino, arca apostólica, vieira, cáliz). A finais do XVIII empézase a usar o marcado triplo de prateiro, ensaiador e localidade.



Cruz procesional

Jacobo Pecul Montenegro
Marcador: Sánchez
Prata e prata dourada
Santiago de Compostela, 1794

Jacobo Pecul formaba parte dunha gran familia de prateiros composteláns e sucedeu ao seu pai como prateiro do Hospital Real. A súa gran calidade técnica apréciase nesta cruz na que introduce unha importante novidade tipolóxica ao optar por unha cruz de árbore limpa e esquemática e empregar a imaxe dun Cristo italianizante como alternativa á imaxe de Cristo empregada ata entón.



Par de portapaces

J. Seijo
Prata moldeada, dourada e cicelada
Santiago de Compostela, último terzo do s. XVIII

A realización de obxectos litúrxicos acaparou a maior parte do traballo dos prateiros composteláns. Este par de portapaces, coa entrega do Rosario a san Domingos, talvez pertencese á antiga confraría do Rosario desta cidade. Os portapaces dábanse a bicar ás primeiras filas de fieis asistentes á celebración litúrxica da misa no momento de dar a paz.



Gravadores

O gravado en Galicia ten o seu maior florecemento en Santiago no século XVIII e o seu éxito é paralelo ao desenvolvemento da peregrinación. Os temas xacobeos ilustran un gran número de impresos como Compostelas, certificados de peregrinación, sumarios de indulxencias, relacións de reliquias, estampas devocionais, así como libros e folletos.

Algúns gravadores eran prateiros, como os Piedra, ou ben arquitectos e escultores como Miguel de Romay ou Melchor de Prado, o que proporcionaba diversidade e perfección no deseño de motivos ornamentais. Cara a 1730 aparece o “gravado en testa” ou “buxo de pé”, atribuída ao compostelán Jacobo Piedra, que supuxo un grande avance na técnica do gravado en madeira –xilografía- xa que proporcionaba maior duración das pranchas e máis nitidez nas estampas.



Orla ornamental

Atribuída a Jacobo de la Piedra

Papel

Santiago de Compostela, c. 1730

A difusión da devoción ao Apóstolo, a Universidade e o apoxeo de publicacións ilustradas potencian en Compostela a existencia de numerosos gravadores. Jacobo de la Piedra é un dos máis destacados, membro dunha ampla familia de gravadores e prateiros. Creou a nova técnica do “buxo de pé” que produce un menor desgaste da prancha de madeira e permite un maior número de copias. Esta peza é un dos primeiros exemplares.



Lámina imprimida con “Compostelas”

Papel

Santiago de Compostela, 1650

A “Compostela” é un documento xurdido da necesidade de autenticar a peregrinación concluída. Era un xeito de distinguir ao verdadeiro peregrino doutros viandantes con finalidades como a remisión de penas, o vagabundeo ou a mendicidade. Aparece no século XIV e a súa estrutura apenas cambiou: unha imaxe de Santiago, o nome do expedidor e os datos do peregrino.



O establecemento de redes comerciais

Boa parte da riqueza que se xerou na cidade durante a Idade Media e Moderna foi produto da actividade comercial da burguesía compostelá. Vendíanse obxectos artesanais e redistribuíáanse pola súa vez mercadorías procedentes de fóra da bisbarra. Pero a cidade foi tamén centro de consumo de produtos de calidade procedentes doutros puntos da península Ibérica ou do resto do continente europeo que chegaban por vías terrestres ou marítimas.

A arqueoloxía documenta ao longo destes periodos a entrada de moeda estranxeira na cidade así como de abundantes produtos cerámicos procedentes de alfares peninsulares (Sevilla, Manises, Talavera, Aveiro...), europeos (Italia, Alemaña...) e mesmo de afastadas factorías chinesas.



A cidade de Santiago de Compostela



A reinventio. A pervivencia da peregrinación

En 1879, promovido polo cardenal Payá e coa axuda do coéngo e historiador Antonio López Ferreiro, acháronse na catedral os restos do Apóstolo que foran agochados en 1589 por orde o arcebispo Juan de San Clemente ante o temor a un ataque do pirata Drake. A autenticidade destas reliquias, recoñecida polo papa León XIII na Bula *Deus Omnipotens* (1884), supuxo o comezo das peregrinacións modernas e a revitalización da cidade.

A partir de aí, os acontecementos políticos marcarán o seu desenvolvemento: a escasa afluencia foránea durante as guerras mundiais, a utilización por parte da ditadura de Franco como exaltación do sentimento nacional ou o impulso definitivo que supuxo a creación do Xacobeo 93 na democracia.



ULTREIA

Ramón Pinal

Bastóns de peregrino, ferro e granito

2015

Ultreia, expresión tomada do Códice Calixtino da catedral compostelá, era un saúdo habitual dos peregrinos e un grito de xúbilo. Esta obra, homenaxe a todos os peregrinos do Camiño de Santiago, foi realizada con bastóns doados por estes na súa chegada a Compostela.